



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que estableza criterios normativos que permitan coordinar os sistemas de acceso ás universidades do SUG en relación ao procedemento ao que deben acollerse os estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade que durante a súa escolarización anterior precisaran de recursos e apoios, para acreditar estas circunstancias de discapacidade a fin de acceder á universidade pola correspondente cota de reserva

Expediente: D.3.Q/4104/22

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2022

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. xxxxx.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que na data do 27/06/2022 a súa filla formalizou a súa solicitude de admisión no Sistema Universitario de Galicia. Nesta solicitude dentro do apartado “cota” fixo constar: xeral, discapacitados.

Durante o bacharelato necesitou adaptacións debido a que padece un trastorno de déficit de atención con hiperactividade (TDAH) e un trastorno de aprendizaxe da lecto-escritura (dislexia).

Con motivo da presentación da alumna aos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2021-2022, solicitou da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, as oportunas adaptacións. Pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, analizada a documentación achegada, resólvese:

- 1. Autorizar as adaptacións solicitadas para que poida realizar a proba dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2021-2022;*
- 2. Autorizar a ampliación nun máximo do 50% do tempo estipulado para realizar cada parte da proba.*
- 3. Autorizar os criterios que figuran no anexo para a corrección dos exercicios da proba dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2020-2021.*

Nas probas ABAU para acceso á Universidade, a alumna contou con adaptacións, feito que consta aos responsables das probas ABAU, Comisión Interuniversitaria de Galicia. (...)

Posto en contacto telefónico co coordinador do Equipo de Orientación Específica da Xefatura Territorial da Coruña, infórmalle que o EOE non ten competencia para a emisión do informe que solicitaba e que as súas competencias rematan no bacharelato.

Por indicación súa chamou ao SEPIU da USC de Santiago de Compostela, indicándolle que o servizo actúa unha vez que o alumnado estea matriculado na Universidade de Santiago de Compostela e que achegase os informes que puidera á Sección de Matriculación da USC.

Recibiu contestación da CIUG a unha petición de explicacións sobre esta cuestión onde lle indican que non teñen atribucións para facer estas conclusións, que simplemente adaptan a ABAU as necesidades que os centros indican.

Nin nas xestións coa USC, nin nas chamadas de teléfono, correos electrónicos ou entrevistas coa inspección educativa puido resolver o problema da matrícula da súa filla pola cota de discapacidade, ao abeiro do artigo 26 do Real Decreto 412/2014.

A queixa foi admitida a trámite e requirimos información a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, á Universidade de Santiago de Compostela e a Comisión Interuniversitaria de Galicia, iniciando actuacións na data do 8 de xullo e indicando que con urxencia, dados os prazos dos procedementos en cuestión, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, e no ámbito das súas competencias neste procedemento, nos facilitasen información sobre o problema que motivou a queixa.

A Universidade de Santiago de Compostela remitiu un informe elaborado pola CiUG, que achegou ese mesmo informe, do que se deduce que non existe unha normativa específica dentro da universidade sobre esta cuestión. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades non remitiu nesta data o informe requirido.

No informe achegado a esta institución pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) por mor da tramitación deste expediente de queixa sinalase o seguinte:

1. “O dereito de admisión pola cota de discapacitados está regulado no Art. 26 do RD 412/2014 de 6 de xuño (BOE núm. 138, de 7 de xuño)

*Artículo 26. Plazas reservadas a estudantes con discapacidade.*

*Se reservará al menos un 5 por 100 de las plazas ofertadas para estudiantes que tengan reconocido un grado de discapacidad igual o superior al 33 por 100, así como para aquellos estudiantes con necesidades educativas especiales permanentes asociadas a circunstancias personales de discapacidad, que durante su escolarización anterior hayan precisado de recursos y apoyos para su plena normalización educativa.*

*A tal efecto, los estudiantes con discapacidad deberán presentar certificado de calificación y reconocimiento del grado de discapacidad expedido por el órgano competente de cada Comunidad Autónoma.*

O informe pon de manifesto que “*un aspecto son as medidas de adaptación por Necesidades Especiais de Apoio Educativo que son habituais para os estudantes con TEA, TDAH, Dislexia, etc. e outra son "necesidades educativas especiales permanentes asociadas a circunstancias personales de discapacidad"*”.

En consecuencia, considera a Comisión Interuniversitaria de Galicia que a documentación que acompaña non é suficiente para a admisión por esta cota senón que é necesario un certificado de discapacidade igual ou superior ó 33% ou un certificado de que é estudante "con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias personales de discapacidade, que durante su escolarización anterior hayan precisado de recursos y apoyos para su plena normalización educativa" expedido a estes efectos polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

A CiUG engade esta consideración: “*Na CiUG temos moi presente que cada praza que se asigne a un estudante sen que a norma o contemple é unha praza que lle podemos quitar a un estudante que tiña dereito a ela*”.

## ANÁLISE

O Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao dispón que reservárase polo menos un 5 por 100 das prazas ofertadas para estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa.

O artigo 26 transcrito non define cales son “as necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade”. O único elemento definidor do carácter permanente desas necesidades educativas especiais ven dado polo feito de que durante a súa escolarización anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa. Tampouco fai referencia algunha á forma de acreditar esas necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade.

En todo caso, queda claro na redacción da norma (“así como...”) que trátase dunha situación diferente da dos estudantes que teñan recoñecido un discapacidade igual ou superior ao 33 por 100. Este último suposto non suscita ningunha dificultade interpretativa xa que ao abeiro da lexislación básica, as comunidades autónomas teñen equipos de valoración da discapacidade que emiten e revisan os correspondentes certificados establecendo un determinado grao en función das limitacións valoradas.

Sobre as necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, existe un precedente normativo, xa derogado, que regulou con precisión o contido e alcance deste concepto técnico-xurídico: o *Real Decreto 696/1995, de 28 de abril, de ordenación de la educación de los alumnos con necesidades educativas especiales*. O Capítulo III abordou a escolarización dos alumnos con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a condicións persoais de discapacidade. No seu Artigo 18 referíase aos estudos universitarios e contén un criterio de acreditación que desapareceu na normativa posterior:

*1. Para garantizar el principio de igualdad de oportunidades, las universidades públicas realizarán las adaptaciones que fuere menester con el fin de que los alumnos con necesidades educativas especiales permanentes puedan efectuar las pruebas de acceso a la universidad. Asimismo, facilitarán a estos alumnos el acceso a las instalaciones y a las enseñanzas con el fin de que puedan proseguir sus estudios..*

*2. Las universidades públicas reservarán hasta un 3 por 100 de plazas en cada uno de los centros docentes universitarios de acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 1005/1991, de 14 de junio, por el que se regulan los procedimientos para el ingreso en los centros universitarios, modificado por el Real Decreto 1060/1992, de 4 de septiembre, a los alumnos con **necesidades educativas especiales permanentes asociadas a condiciones personales de discapacidad que, durante su escolarización anterior, hayan precisado recursos extraordinarios de acuerdo con el dictamen efectuado bien por los equipos de orientación educativa y psicopedagógica, bien por los profesores especialistas de psicología y pedagogía de los departamentos de orientación de los centros de educación secundaria en los que hubieran estado escolarizados.** En todo caso, dichos alumnos deberán haber superado las pruebas de acceso a la universidad establecidas con carácter general para el conjunto del alumnado. Excepcionalmente, las Juntas de Gobierno de las Universidades podrán ampliar dicho porcentaje de plazas.*

O precedente inmediato da actual norma que invoca a CiUG no seu informe é o *Real Decreto 1892/2008, de 14 de noviembre, por el que se regulan las condiciones para el acceso a las enseñanzas universitarias oficiales de grado y los procedimientos de admisión a las universidades públicas españolas*. No seu artigo 51, relativo ás prazas reservadas a estudantes con discapacidade, increméntase a porcentaxe desta cota de reserva: “Se reservará un 5 por 100 de las plazas disponibles para estudiantes que tengan reconocido un grado de discapacidad igual o superior al 33 por 100, así como para aquellos estudiantes con necesidades educativas especiales permanentes asociadas a circunstancias personales de discapacidad, que durante su escolarización anterior hayan precisado de recursos y apoyos para su plena normalización educativa. El certificado, dictamen o procedimiento de valoración de las minusvalías será realizado por el órgano competente de cada comunidad autónoma de procedencia del interesado. (...)”

A ausencia no artigo 26 do actual Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao dun procedemento de acreditación das circunstancias que afecten aos estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a discapacidade, que entran tamén nesta cota de reserva, levou ao *Defensor de Pueblo* a iniciar actuacións de oficio ante as administracións educativas españolas. Literalmente, indicaba o Defensor del Pueblo:

(...) Con ocasión de la recepción y estudio de diversas quejas se comprobó que la inexistencia de un procedimiento general que establezca la forma de acreditar tales circunstancias de discapacidad ante las universidades estaba originando que los estudiantes encontraran continuas dificultades para acreditarlas documentalmente ante las universidades a las que desean acceder. Y esta situación afecta, no solo a los estudiantes

que han participado en las convocatorias de las pruebas previas al acceso a la universidad - de los que existirá información en los departamentos de orientación universitarios que en cumplimiento de la ley adaptaron sus pruebas-, sino a cualquier estudiante que desea acceder a una universidad a partir de alguno de los supuestos que la normativa permite, y que se encuentre en esas circunstancias de discapacidad.

4. Este fue el motivo por el que se iniciaron de oficio actuaciones ante diversos organismos autonómicos, con el fin de conocer si en el ejercicio de sus competencias disponían, o tenían previsto disponer, de procedimientos a través de los cuales las personas interesadas pudieran obtener una acreditación relativa a su situación de estudiantes con necesidades educativas especiales permanentes asociadas a circunstancias personales de discapacidad, para poder acceder a la universidad a través del porcentaje de reserva de plazas al que se refiere el artículo 26 del Real Decreto 412/2014, de 6 de junio.

5. La Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, prevé que las Universidades establezcan procedimientos de admisión a las enseñanzas universitarias oficiales de Grado, que deberán respetar la normativa básica que establezca el Gobierno y los principios de igualdad, no discriminación, mérito y capacidad, y que estos procedimientos de admisión deberán realizarse en condiciones de accesibilidad para los alumnos y alumnas con discapacidad.

Como ya se ha señalado, la normativa básica en la materia, actualmente recogida en el repetido Real Decreto 412/2014, no establece los criterios específicos que deben utilizar los estudiantes con necesidades educativas especiales permanentes para acreditar tales circunstancias ante las universidades correspondientes. Pero esta disposición sí señala en su artículo 3.2 que, en el ámbito de sus competencias, las Administraciones educativas podrán coordinar los procedimientos de acceso a las Universidades de su territorio.

6. De la respuesta facilitada por ese organismo se desprende que la Comunidad de (...) tiene regulado el procedimiento para que el alumnado afectado de estas necesidades educativas especiales pueda solicitar las adaptaciones en las pruebas de acceso a las enseñanzas universitarias oficiales de Grado en las universidades públicas de su ámbito territorial, pero no para obtener la acreditación de estas circunstancias a efectos de obtener de la universidad correspondiente los derechos de acceso preferente que la normativa básica le reconoce.

Cabe suponer que los departamentos de orientación de cada centro educativo universitario dispondrán de la información de los alumnos que precisaron adaptaciones para realizar las pruebas de acceso, lo cual debería facilitar a estos estudiantes acreditar su situación específica de discapacidad para poder acceder sin problemas a través del cupo de reserva. Sin embargo, el resto de estudiantes que desee participar en los procesos de acceso a una universidad a través de este mismo cupo de reserva, y que no hayan realizado las pruebas convocadas por esa misma universidad, continuará encontrando dificultades para acreditar que tiene necesidades educativas especiales permanentes asociadas a circunstancias de discapacidad.

Da resposta recollida no informe da CiUG, do que faise eco a Universidade de Santiago de Compostela, cabe deducir que nas súas normativas internas, as universidades públicas do SUG non teñen prevista a equiparación deste alumnado cos estudantes que teñen recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e que non contan con vías para facer efectivo o acceso aos estudos de grao pola mesma cota de reserva. De feito, o relato que se fai na queixa das múltiples xestións realizadas mostra que non hai un procedemento regulado nas universidades ao que poda acollerse o alumnado afectado por necesidades educativas especiais permanentes asociadas a discapacidade para poder acreditarlas e acceder á cota de prazas reservadas a estudantes con discapacidades.

Débase ter en consideración que as competencias normativas neste ámbito corresponden á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Universidades, que ten atribuídas as funcións de ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias, e sobre coordinación no proceso de incorporación dos estudantes do sistema universitario de Galicia.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte recomendación:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estableza criterios normativos que permitan coordinar os sistemas de acceso ás universidades do SUG en relación ao procedemento ao que deben acollerse os estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade que durante a súa escolarización anterior precisaran de recursos e apoios, para acreditar estas

circunstancias de discapacidade a fin de acceder á universidade pola correspondente cota de reserva.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo